


FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DE PONTEVEDRA



Rúa Lepanto, nº1-1ºJ - 36001 Pontevedra

Tlf.: 986 852300 Fax: 986 868492 / e-mail: pontevedra@federaciongalegadecaza.com

MAPA DE SITUACIÓN



EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza



- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,
nunha das oficinas da
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
ou na nosa web

www.federaciongalegadecaza.com

XXXI CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAZA MENOR



28 de outubro de 2017

Tecor de Rías Baixas - Pontevedra

ORGANIZA : FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DE
PONTEVEDRA

COLABORA: SOCIEDADE DE CAZA RÍAS BAIXAS



Federación Galega
de Caza
Pontevedra



MUTUASPORT



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

COMITÉ ORGANIZADOR

Dn. FRANCISCO COUSELO CASTIÑEIRA

Presidente da F.G.C. de Pontevedra

Dn. MARTÍN VILAS MARTÍNEZ

Presidente da Sociedade de Caza “RÍAS BAIXAS”

DIRECTOR DA PROBA

Dn. JOSE MANUEL MARTÍNEZ FERNÁNDEZ

Delegado da Proba de Caza Menor e de Arceas da FGC de Pontevedra

XURADO DE COMPETICION

Será nomeado no mesmo día no lugar da proba pola Federación Provincial de Caza de Pontevedra.

SORTEO DE TURNOS E DORSAIS

O sorteo de Xuíces e Dorsais farase o *xoves 26 de outubro* a partir das 16:30 horas, na sede desta Federación de Caza de Pontevedra.

INSCRICION E PARTICIPACIÓN

O prezo de inscrición é de 50,00 Euros, onde vai incluído o xantar do participante e do xuíz.

O prazo de inscrición remata o mércores 25 de outubro ás 19:00 horas. **PARA INSCRIBIRSE É OBRIGATORIO CHAMAR A FEDERACIÓN PARA FACILITAR OS DATOS (teléf. 986.852300)** e poderán abonala en efectivo ou a través de Abanca na c/c nº ES.97.2080-0530-73-3040008388 (deberán presenta-lo xustificante de ingreso bancario).

Somentes poderán participar federados da provincia de Pontevedra.

Os xuíces deberán ser cazadores, estar federados e reuni-las condicións físicas e de coñecemento do regulamento necesarias para acompañalo concursante durante a proba.

IMPORTANTE:

OS PARTICIPANTES QUE LEVEN ACOMPAÑANTES PARA O XANTAR, DEBERÁN AVISAR NO MOMENTO DA SÚA INSCRICIÓN

PROGRAMA

Día: 28 de Outubro de 2017

Lugar: Tecor Societario “RIAS BAIXAS”

Horarios:

08:00 hrs. - Concentración na Taberna Boliño, Lgar Deiro 17, 36628 - Vilanova de Arousa, Telef.: 986555537

09:00 hrs. - Comenzo da Competición.

14:00 hrs. - Remate da Proba

14:30 hrs. - Xantar e entrega de Premios na Taberna Boliño

REGULAMENTO

Aplicarase o vixente Regulamento da Federación Galega de Caza e Normativa de Competicións da Federación Galega de Caza.

CLASIFICACIÓN

Conforme á normativa de Competicións de Caza Menor con Can da F.G.C., participarán no Campionato Galego 21 Concurstantes (6 de Coruña, 5 de Lugo, 5 de Ourense e 5 de Pontevedra), previamente clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais, máis o Campión da edición anterior.

Polo tanto, asistirán ó Campionato Galego, en representación da provincia de Pontevedra, os 5 primeiros cazadores clasificados neste campionato provincial. E a inscrición dos mesmos, será abonada con cargo a esta Federación Provincial.

Para participar no Campionato Galego poden participar únicamente os Cans que estean **inscritos no L.O.F.E.C. ou no L.O.E.**

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.

NO CASO DE POUCA PARTICIPACIÓN A ORGANIZACIÓN PODERÁ NON REALIZAR O CAMPIONATO SI ASÍ O CONSIDERA OPORTUNO

É RESPONSABILIDADE DO PARTICIPANTE TER TODA A DOCUMENTACIÓN NECESARIA EN VIGOR.